

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 02 DE FEBREIRO DE 2016.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS** do día **DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ** e **JESUS TABOADA LÁZARA**. Asiste igualmente a concelleira **M^a del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **ACORDO SOBRE EXECUCION DE TALA DE ARBORES QUE PUIDERAN SUPOR UN PERIGO POTENCIAL DE INCENDIO FORESTAL.**
- 3º.- **DEVOLUCION DE AVAIS.**
- 4º.- **APROBACION BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA.**
- 5º.- **APROBACION BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES CULTURAIAS DO CONCELLO DE SILLEDA.**
- 6º.- **URBANISMO. LICENZAS.**
- 7º.- **PETICION DE RECOÑECEMENTO DE ANTIGUIDADE E TRIENIOS.**
- 8º.- **ACORDOS DE EMERXENCIA SOCIAL.**
- 9º.- **ALTAS, BAIXAS E VARIACÍONS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**
- 10º.- **SUBVENCÍONS.**
- 11º.- **BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN PARA A CONCESIÓN DE UNHA BOLSA DE COLABORACIÓN COA FEUGA PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN TURÍSTICA NO PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO MOSTEIRO DE CARBOEIRO.**

12º.- ARRENDAMENTO FOTOCOPIADORA.

13º.- DAR CONTA DA REORGANIZACION DAS AREAS MUNICIPAIS POLO SR. ALCALDE

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Queda aprobada a Acta da sesión do 12 de Xaneiro de 2016.

2º.- ACORDO SOBRE EXECUCION DE TALA DE ARBORES QUE PUIDERAN SUPOR UN PERIGO DE INCENDIO FORESTAL.

Lei 3/2007 de Prevención contra os Incendios Forestais de Galicia,

VISTO o expediente instruído a instancias de José Núñez Fondevila, interesando se proceda a tala duns eucaliptos na proximidade da súa vivenda, considerando que que se incumple a distancia mínima que se establece no art. 21 da Lei 3/2007, e logo do informe do Arquitecto que se transcribe, en orde a clarificar a distancia exacta dos mesmos,

"INFORME ARQUITECTO

Solicitante: José Núñez Fondevila

14.AGO.2015 Nº: 3811

Data escrito: 12.AGO.2015

Emprazamento: Souto, parroquia de Graba

Referencia catastral: 36052º05400067

Distancia entre os eucaliptos e a vivenda Distancia: 27,5 metros

ANTECEDENTES

1 Amósaseme para informe técnico comunicación da Alcaldía do Concello de Silleda asinada o 9 de novembro de 2015, con rexistro de saída 1983 de 9 de novembro de 2015, polo que se empra a este arquitecto, que "se proceda a medir a a distancia dos eucaliptos, de acordo ao artigo 21 da Lei 3/2007 de Prevención contra os Incendios Forestais de Galicia, en en concreto se están dentro dos 30 metros medidos desde o límite do solo urbán ou núcleo rural, no seu caso".

2 No expediente consta a solicitude presentada por , asinada o día 12 de agosto de 2015 e con rexistro de entrada número 3811 do día 14, relativo á solicitude presentada por él mesmo o día 11 de marzo de 2010, que non consta.

3 O solo no que se atopan tanto as árbores como a vivenda está clasificado no planeamento vixente, segundo a Disposición Transitoria Primeira da Lei do Solo de Galicia, como solo rústico. No planeamento aprobado inicialmente o 18 de decembro de 2012, e polo tanto non vixente, a este ámbito corresponderíalle a clasificación de solo de núcleo rural histórico- tradicional.

4 Por tanto, segundo o planeamento vixente, non procede a medición das árbores con respecto á delimitación de núcleo rural posto que a día de hoxe a clasificación dese solo é a de solo rústico.

5 A normativa vixente da Lei de Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece, no seu artigo 21, que "As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o seu paramento".

6 Xirada visita de inspección o día 21 de Decembro de 2015 ás 13.15 horas, na que se persona este arquitecto acompañado do Axente da Policía Local de servizo, Manuel López Viéitez, persoado tamén o denunciado previa comunicación telefónica, e que rehúsa asinar a acta de medición, comprobouse que a distancia á que se encontran os dous eucaliptos -un deles cun ancho aproximado de 80 cm- da edificación é de aproximadamente 27,5 metros. A criterio deste arquitecto e do Servizo de Extensión Agraria de Lalín consultado, é esta a medida que debe tomarse segundo a lei antes sinalada, en contraposición á medición á fachada da vivenda, tal e como mantén o denunciado, o que se somete a mellor criterio. Por outra parte, non foi posible a medición ata a fachada da vivenda, por atoparse esta pechada e sen encontrarse os propietarios. Aínda así, requiriríase dun distanciómetro láser ou dispositivo similar para poder medir por encima do valo de entrada da parcela.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 22 de decembro de 2015. O ARQUITECTO.

TENDO EN CONTA que a distancia de 27,5 mt. efectivamente estaría dentro da faixa dos 30 mt do art. 21 da Lei, pero valorando do mesmo xeito que estamos diante dun marxe dubidoso -e que existen moitos casos semellantes en todo o municipio, que obrigaría a actuar no mesmo sentido- de só 2,5 mt sobre os 30, medidos sobre o paramento, e que a vivenda se atopa claramente fora da mesma, que só son dous exemplares -número insuficiente para crear un perigo de incendio por outra parte-, e, igualmente, que se trata dun árbore de grandes dimensións, cun radio duns 80 cm -o que se estima una idade no entorno dun século- o obxecto esencial da denuncia, o cal lle sería aplicable a Disp. Adicional 3ª da Lei que establece:

En todo caso, podrán conservarse árboles de las especies señaladas en el apartado anterior en cualquier clase de terrenos incluidos en las redes primarias y secundarias de gestión de biomasa en caso de tratarse de árboles singulares, o aquellos que cumplan funciones ornamentales o se encuentren aislados y no supusieran un riesgo para la propagación de incendios forestales.

Por canto antecede, se acorda:

- **Non considerar** a tramitación de expediente de tala de árbores, instruído a instancias de José Núñez Fondevila, a 27,5 mt do paramento exterior da propiedade denunciada, na proximidade da súa vivenda, no lugar de Souto, parroquia de Graba, estimando que, ao tratarse de dous exemplares, é un número insuficiente para crear un perigo de incendio -elemento fundamental a valorar- e, por outra parte o eucalipto base da denuncia tería a característica de árbore singular de acordo coa Dis. Adicional 3ª da Lei 3/2007, sen prexuízo de que si estima, ao marxe da Lei 3/2007, a existencia dun perigo potencial para a súa vivenda e residentes recorra pola vía xudicial para que ordée a súa tala.

3º.- DEVOLUCION DE AVAIS.

3.1.- De MOTIVO J.C.B. GALICIA S.L., solicitado polo seu representante, correspondente á actuación "Subministro dunha retroexcavadora, PAM/05", por importe de 2.603,64 € de data 02 de Xuño de 2015, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

VISTO que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún, habendo transcurrido o prazo de un ano,

SE ACORDA:

- Proceder a devolución do AVAL de **MOTIVO J.C.B. GALICIA S.L.**, formalizado polo BBVA, nº 0182000324621, solicitado polo seu representante, correspondente á actuación "Subministro dunha retroexcavadora, PAM/05", por importe de 2.603,64 €, de data 02 de Xuño de 2015, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

3.2.- De MIGUEZ XESTOSO S.L., solicitado polo seu representante, correspondente á actuación "cubrición das Pistas de Padel", por importe de 2.066,10 €, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

VISTO que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún, habendo transcurrido o prazo de un ano,

SE ACORDA:

- Proceder a devolución do AVAL de **MIGUEZ XESTOSO S.L.**, solicitado polo seu representante, correspondente á actuación: "Cubrición das Pistas de Padel", por importe de 2.066,10 €, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

3.3.- De R, Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A., solicitado polo seu representante, correspondente á actuación "Desenvolvemento da rede de telefonía no Concello", por importe de 27.985,56 € €, de data 24 de Xuño de 2008, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

VISTO que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún, habendo transcurrido o prazo de un ano,

SE ACORDA:

- Proceder a devolución do AVAL de R, Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A., correspondente á actuación "Desenvolvemento da rede de telefonía no Concello", por importe de 27.985,56 € €, de data 24 de Xuño de 2008, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

4º.- APROBACION BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA.

Se acorda aprobar as Bases, segundo texto que se transcribe íntegramente.

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA.

As presentes, bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas que desenvolvan a súa actividade no Concello de Silleda, están suxeitas ó disposto pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, e demais normativa vixente.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece un novo marco de actuacións nesta materia, que resulta de aplicación ás Entidades Locais. Dispón no seu artigo 3 que as subvencións que outorguen as Entidades que integran a Administración Local rexeranse polas prescricións contidas nesta Lei, engadíndose no artigo 17.2 que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención.

O Pleno do Concello, con data 27 de xaneiro de 2005, aprobou a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, que ten por obxecto establecer as normas de carácter xeral ás que deben axustarse as correspondentes convocatorias.

Ó abeiro de tal Ordenanza, as presentes bases regulan, no ámbito territorial do Concello de Silleda, as axudas dirixidas a entidades que cumpran os requisitos establecidos nas mesmas, coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades deportivas, de contribuír ó fortalecemento do tecido social e á promoción da calidade de vida e do benestar dos cidadáns do Concello.

ARTIGO 1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento para a convocatoria e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia, para o fomento de actividades deportivas no Concello de Silleda desenroladas por entidades ou clubs deportivos con sede no Concello, e sempre que teñan interese público, comprendendo tanto a realización das citadas actividades, coma os gastos de funcionamento e mantemento daquelas entidades ou asociacións con sede no termo municipal que veñen realizando actividades que redunden en beneficio do Concello.

ARTIGO 2. BENEFICIARIOS

Con carácter xeral, terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa física ou xurídica que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nas presentes bases as/os clubs ou entidades deportivas locais de carácter federado, que realicen a súa actividade sen ánimo de lucro e estean inscritos no Rexistro Municipal de asociacións, sempre que teñan a súa sede no termo municipal de Silleda e realicen a maior parte da súa actividade no mesmo.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nestas bases as entidades en quen concurra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións.

As Asociacións ou Entidades só poderán concurrir a unha das categorías de subvención convocadas polo Concello (Culturais ou Deportivas).

ARTIGO 3. GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Considéranse gastos subvencionables aqueles de natureza corrente inherentes ó funcionamento da entidade ou clube beneficiarios, tales como gastos federativos, persoal, desprazamentos, suministros e outros de análoga natureza.

O importe da subvención non poderá superar o 100% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por sí mesma ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenrolada.

Só se considerarán gastos subvencionables a efectos de xustificación da subvención concedida aqueles que cumpran os requisitos do artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, excluíndose a adquisición de bens inventariables (mobiliario, equipamento, etc.).

Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado polo Concello supera este porcentaxe, procederase á redución proporcional do importe da subvención.

O período que se terá en conta para a realización da actividade será do 1 de Xaneiro o 1 de Decembro de 2016.

As subvencións para entidades ou clubs deportivos faranse efectivas con cargo á partida 341.48 do Concello de Silleda do exercicio 2016, ata unha contía global máxima do crédito de 30.000 euros, dos cales o importe de 10.000€ serán destinados íntegramente a Escola de fútbol de Silleda.

ARTIGO 4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados en acollerse ás subvencións reguladas nestas bases, presentarán solicitude, de acordo co modelo que se lles facilitará nas dependencias do Concello ou por descarga directa da páxina web municipal, dirixida ó Alcalde do Concello de Silleda, dentro do prazo de vinte días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín oficial da Provincia.

No momento da solicitude, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Solicitude, referida no apartado anterior, asinada polo representante legal da persoa xurídica.
- b) Fotocopia do Código de Identificación Fiscal (CIF).
- c) Memoria explicativa das actividades a desenvolver durante o exercicio 2016
- d) Orzamento detallado de ingresos e gastos, con expresión do financiamento previsto.
- e) Certificado expedido polo Secretario da entidade, co visto e prace do Presidente, no que se faga constar as subvencións solicitadas e as que foran concedidas para o financiamento da actividade por calquera Administración ou Entidade pública ou privada, quedando obrigados a comunicar tan pronto como lles sexa coñecida a concesión en data posterior á solicitude, e en todo caso no momento da xustificación.
- f) Fotocopia dos estatutos da entidade ou club, así como fotocopia do acordo que confira a representación da entidade á persoa ou persoas que asinan a solicitude, xunto con copia do DNI destes.

- g) Certificación da Federación correspondente do número de deportistas federados pertencentes ó club ou entidade, ou no seu defecto copia compulsada das citadas fichas federativas, ademais de certificación de que o propio club ou entidade se atopa federado.
- h) Certificación bancaria dos datos dunha conta da titularidade da entidade ou club, na que se poida facer efectivo o importe da subvención.
- i) Declaración responsable de non estar incurso en causa de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións.
- j) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda estatal ou autonómica, nin á Seguridade Social.
- k) Acreditación de non ter débeda algunha coa Tesourería do Concello de Silleda.

As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Silleda.

ARTIGO 5. ENMENDA DE DEFECTOS

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días hábiles emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

ARTIGO 6. INSTRUCIÓN

1.-A instrución do procedemento corresponderalle á Alcalde ou ó Concelleiro en quen delegue, realizando de oficio cantas actuacións estime precisas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse proposta de resolución.

Realizada a instrución, elevarase o expediente á Comisión de Valoración a efectos de que emita informe sobre a avaliación das solicitudes presentadas, segundo esixe o artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións.

O instrutor, á vista deste informe, formulará proposta de resolución provisional, que será notificada ós interesados e exposta ó público no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dez días ós interesados para formular alegacións.

Á vista das alegacións presentadas, no seu caso, o instrutor formulará proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con motivación relativa á avaliación dos solicitudes e ós criterios seguidos para realizala.

2.-A Comisión de Valoración, estará integrado polos seguintes membros, con voz e voto:

Presidente: Concelleiro/a de Deportes

Vogal: Concelleiro/a de medio ambiente

Vogal: Funcionario ou traballador municipal experimentado na tramitación e xestión de expedientes administrativos, actuando como Secretario.

ARTIGO 7. RESOLUCIÓN

A proposta de resolución definitiva será remitida á Intervención para o seu informe.

O expediente completo, co informe de Intervención, pasarase á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións.

A resolución definitiva notificarase ós interesados e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, entendéndose que os interesados aceptan a subvención en caso de non manifestar nada en contra no prazo de dez días.

O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a publicación da convocatoria.

O vencemento deste prazo sen terse notificado resolución lexítima ós interesados para entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

ARTIGO 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SOLICITUDES

A concesión de subvencións e a súa contía determinadas en función dos seguintes criterios:

CONCEPTO	PUNTOS
Fomento do deporte base e das escolas deportivas (prebenxamíns, benxamíns, alevíns, cadetes, infantís e xuvenís)	0-20
Mantemento das instalacións deportivas onde practican a actividade o club ou entidade	0-20
Colaboración con actividades do Concello	0-15
Número de participantes directos ou indirectos das actividades	0-15
Número de actividades realizadas durante o exercicio	0-10
Interese xeral da actividade a realizar	0-10
Número de deportistas federados, afiliados o club ou entidade	0-10
1-20 Federados (empadroados en Silleda) 5 puntos	
+20 Federados (empadroados en Silleda) 10 puntos	

Pola natureza das subvencións reguladas nestas bases, na resolución de concesión procederase ao prorrateo do importe máximo do crédito destinado a estas subvencións entre os distintos clubs ou entidades deportivas que resulten beneficiarios da subvención, en función da puntuación acadada na aplicación dos procedentes criterios.

ARTIGO 9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Os beneficiarios deberán xustificar a aplicación da subvención correspondente ó exercicio 2016 como data límite antes do 15 de decembro de 2016, como condición previa á percepción da subvención concedida.

Poderá solicitarse un anticipo a conta de ata o 50% do importe da subvención concedida, cando por circunstancias debidamente xustificadas se acredite a súa necesidade, e previa xustificación.

A xustificación deberá revestir a forma de conta xustificativa, que deberá incluír os seguintes apartados:

- Memoria das actividades realizadas
- Estado detallado de ingresos, no que se especifiquen todos aqueles que financiaron a actividade.

- Estado detallado de gastos, no que figuren individualizadamente e polo seu custe unitario todos aqueles nos que se incorrera, acompañados do seu respectivo xustificante e dos documentos acreditativos do pago.
- Copia da resolución de concesión.
- Acreditación da debida publicidade do carácter público do financiamento

Os gastos acreditaranse mediante facturas ou documentos substitutivos de igual eficacia probatoria no tráfico xurídico, acompañadas de declaración xurada do beneficiario ou o seu representante acreditativa de que os gastos documentados nesas xustificantes se aplicaron á actividade subvencionada.

A conta xustificativa pasarase á Intervención para o seu informe, e una vez informada elevarase á Xunta de Goberno Local, que decidirá sobre a corrección e suficiencia da xustificación, instando en caso contrario a iniciación do expediente de reintegro, de acordo co establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e máis normativa aplicable."

5º.- APROBACION BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE SILLEDA.

Se acorda aprobar as Bases, segundo texto que se transcribe íntegramente.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE SILLEDA, ANO 2016".

1. DISPOSICIÓN XERAIS.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedemento para a concesión de subvencións no ámbito do Termo Municipal de Silleda, dacordo cos principios de obxectividade, igualdade, concorrencia e publicidade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan o fomento dos intereses peculiares do municipio de acordo co establecido na lexislación sobre réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Regulamento de Servizos de 1955; Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións; Ley 9/2007 de Subvencións de Galicia, Lei Xeral Orzamentaria).

2. FINALIDADE E OBXECTO.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as seguintes actividades:

A) Promoción de Actividades Culturais.

Poderán optar a estas subvencións as asociacións culturais e asociacións de veciños, educativas ou outras entidades sociais que presten servizos ou organicen actividades sen fin de lucro do tipo (organización de actividades que fomenten a cultura, a educación, o turismo ou a participación cidadá).

As Asociacións ou Entidades só poderán concorrir a unha das categorías de subvención convocadas polo Concello (Culturais ou Deportivas)

Non serán obxecto de subvención:

Os gastos de mantemento ordinario: auga, luz, gas, comidas e bebidas e teléfono. Só se admitiran os gastos provenientes de seguros ou alugueiros se estiveren directamente relacionados coas actividades obxecto da subvención.

As actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, e as que que recibisen calquera outro tipo de achega municipal

Os gastos que non estean directamente vinculados ás actividades realizadas, ou que carezan da natureza propia desa actividade.

O período que se terá en conta para a realización de actividades será do 1 de xaneiro ao 10 de decembro de 2016.

3. FINANCIAMENTO DAS SUBVENCÍONS.

As citadas subvencións concederanse con cargo ás partidas e disponibilidades orzamentarias máximas seguintes:

MATERIAS	PARTIDA ORZAMENTARIA	CONTÍA MÁXIMA
Actividades Culturais e de Interese social.	334.48	45.000,00 €

Poderán solicitar subvención as persoas xurídicas, agrupacións veciñais, comités organizadores, persoas físicas e asociacións culturais, veciñais ou educativas que cumpran as seguintes condicións:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Carecer de fins de lucro para o desenvolvemento das actividades obxecto desta subvención.
- Desenvolver as súas actividades no Termo Municipal de Silleda ou, no caso de efectuarse fora deste, deberá tratarse de actividades que suplan ou complementen as atribuídas ao Concello de Silleda.
- Non estar pendente de xustificación de ningunha subvención concedida polo Concello de Silleda.

4. PROCEDEMENTO E PRAZO.

As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Silleda.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

- a) Instancia individualizada segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www.silleda.es por cada modalidade de actividade, asinada polo presidente da entidade, asociación, ou por quen teña conferida a delegación debendo acreditar debidamente tal circunstancia na que conste a finalidade e contía da subvención que se solicita.
- b) Programa ou memoria detallada das actividades que se pretenden realizar, incluíndo as datas previstas para a súa realización segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www.silleda.es
- c) Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para a súa financiamento, segundo modelo segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www.silleda.es
- d) Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do CIF ou NIF, segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www.silleda.es .
- e) Copia do CIF da Entidade.

f) Comunicación de se lles foi concedida outra/s subvención/s para a mesma actividade procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior a presentación de solicitude de ser o caso, segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www.silleda.es.

g) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www.silleda.es.

h) Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.

i) Aquelas asociacións que precisen de directores especializados para a súa actividade, e desexen optar a esta vía de subvención, deberán presentar coa solicitude, o orzamento mensual e anual do custo do director/a.

j) Aqueles colectivos, cunha traxectoria temporal de máis de vinte anos, deberán acreditarlo de forma fehaciente.

6. ENMENDA DE DEFECTOS

Si se apreciasen defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen máis trámite de non efectuarse estas.

7. PROPOSTAS DAS SUBVENCIONS.

A comisión de subvencións procederá a proposta das axudas e subvencións, logo dos informes que se consideren precisos, e segundo os criterios que de seguido se sinalan:

- Fomento e difusión da cultura entre a poboación Ata 5 puntos.
- Carácter permanente das actividades obxecto de subvención Ata 10 puntos.
- Proxección cultural das actividades desenvolvidas ao longo do ano Ata 5 puntos.
- Interese xeral da actividade a desenvolver Ata 10 puntos.
- Número de beneficiarios directa ou indirectamente Ata 10 puntos.
- Fomento da cultura no colectivo infantil e xuvenil Ata 15 puntos.
- Innovación ou orixinalidade das actividades obxecto de subvención Ata 5 puntos.

No caso de que unha vez aplicados os anteriores criterios, non se esgote a totalidade do crédito orzamentario previsto para estas subvencións na Base 3º das presentes bases reguladoras, que é de 45.000,00 euros, terán consideración especial aqueles colectivos ou asociacións que para o desenvolvemento das súas actividades precise de directores especializados, subvencionándose como máximo ata os seguintes importes:

Directores/as de bandas de música: 775 €/mes
Directores/as de baile: 200 €/mes
Directores/as de coro: 175 €/mes.

Terán tamén consideración especial aqueles colectivos cunha traxectoria temporal demostrable, incrementándose as subvencións por cada tramo de 20 anos de actividade continuada en 100 euros, ata un máximo de 200 euros.

A Comisión de Subvencións terá a seguinte composición:

- Presidente: A Concelleira de Cultura.
- Vogal: Funcionario/a ou traballador municipal experimentado na tramitación e xestión de expedientes administrativos, o cal realizará as funcións de Secretario.
- Vogal: Técnico/a de cultura ou animador/a sociocultural.

8. CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é a Xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da Comisión de subvencións e resolverá xustificadamente, realizando o oportuno rateo da cantidade dispoñible. A proposta de subvencións irá acompañada dun informe de fiscalización da Intervención Municipal.

A resolución deberá conter os seguintes extremos:

- Relación de solicitantes que resulten beneficiarios, coa motivación correspondente, e o importe asinado.
- Desestimación do resto das solicitudes, ca motivación correspondente.

O prazo máximo para a notificación expresa da resolución das solicitudes será de seis meses, contados a partir do último día do prazo de presentación. A falla desa notificación expresa suporá a desestimación por silencio administrativo.

A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo de un mes e por notificación escrita aos beneficiarios.

9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas dos beneficiarios:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Sinalar na publicidade que a actividade conta co financiamento da concellaría correspondente do Concello de Silleda.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realicen.
- Comunicar ao Concello a concesión de subvencións de calquera entidade pública ou privada. O incumprimento desta obriga pode dar lugar ás esixencias das responsabilidades que determine a lexislación vixente.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
- O sometemento ás actuacións de comprobación do concello da efectiva realización das actividades para as que foi concedida a subvención.
- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello ou polo Tribunal de Contas.
- Estar o corrente das súas obrigas fiscais co Concello.

10. CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que ailladamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario. Neste suposto, modificarase a resolución da concesión.

Unha vez resoltas e concedidas as subvencións, poderanse solicitar adiantos do 50% como máximo da contía concedida, a medida que se xustifique o gasto realizado polos conceptos subvencionados.

11. XUSTIFICACIÓN E COBRO DAS SUBVENCIÓNS.

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o 15 de decembro, salvo que se solicitase antes do remate do antedito prazo e fose concedida prórroga, debendo no seu caso, motivarse a concesión da mesma.

Se non se presentase a xustificación da totalidade da subvención dentro do prazo (inicial ou prorrogado) iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso, reducíndose proporcionalmente a cantidade concedida ao gasto xustificado.

A xustificación dos gastos, de acordo co fin para o que se concedeu a subvención, deberá realizarse presentando a documentación xustificativa seguinte nos prazos indicados na presente convocatoria:

- Memoria descritiva das actividades realizadas durante o ano sinalando as datas e lugares de realización e dos gastos e ingresos totais obtidos por todos os conceptos, debidamente rubricada e conformada polos representantes das entidades beneficiarias da subvención (segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello).
- Relación das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións ou Entidades Públicas ou privadas para o mesmo obxecto; en caso negativo, deberá deixarse constancia deste feito no expediente mediante a correspondente declaración responsable (segundo modelo que se entregará no Concello).
- No caso de gastos de prestacións persoais de servizo (incluídos os pagos aos directores as especializados), acreditación mediante nómina factura e calquera outro admitido en dereito.
- No caso de gastos de material, subministracións etc, orixinal ou fotocopia (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativos dos gastos realizados.

As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
- Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.
- Descrición do servizo ou subministro prestado.
- Número de factura, data de emisión e denominación de "factura", así como xustificación de ter sido aboada.
- O importe dos gastos xustificados deberá acadar, como mínimo, a contía da subvención concedida.
- Declaración de que as facturas ou xustificantes corresponden a actividade e entidade subvencionada.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados, e propondrá que se efectúe o pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O pagamento da subvención efectuarase mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade, cuxo titular deberá ser a entidade beneficiaria con carácter previo ao pagamento das cantidades concedidas, comprobarase de oficio pola Tesourería Municipal que as entidades beneficiarias non teñen débedas pendentes co Concello. Neste suposto, procederase ao seu cobro por compensación mediante a súa dedución da obriga de pagamento.

12. REINTEGRO DE SUBVENCIONS.

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pagamento da subvención, nos seguintes casos:

- Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas ou falseándoas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingreso de dereito público.

DISPOSICIONS FINAIS. Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador da Lei Xeral Orzamentaria, sen perxuízo da

comunicación de tales feitos ó Consello de Contas ao efecto da depuración por este das eventuais responsabilidades penais ou de calquera outra índole que poideran esixirse.

6º.- URBANISMO. LICENZAS

6.1.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Vilariño, nº 11, Lamela. Ana María Blanco Rey.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Ana María Blanco Rey, Rexistro de Entrada nº 2225 de data 18 de maio de 2015, para Rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Vilariño, nº 11, Lamela.

Visto o informe emitido o 28 de xullo de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: Ana María Blanco Rey

Data de rexistro: 18.MAI.2015 Nº: 2225 Data escrito: 15.MAI.2015

Solicitude: Rehabilitación de vivenda unifamiliar

Tipo de Solicitude: Obra Maior

Emprazamento: Vilariño, nº 11, Lamela

Referencia catastral: 36052D509050850000XL Superficie Catastro: 2.291 m²

Autor do Proxecto: José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto Colexiado 2564

Proxecto: Anteprojecto Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)

Dirección de Obra: n/d

Dirección de Execución: n/d

Exposición pública: BOP DOGA Prensa

Orzamento (P.E.M.): 30.000,00 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 54.980,64 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).

2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).

3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro

4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.

6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002

7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia

13 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia

14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

16 Planeamento do Concello de Silleda

16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

- 16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 16.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 16.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 16.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Ana María Blanco Rey, presentada con R.E. 2225 de 18.MAI.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto Colexiado 2564.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

5. Solicítase a rehabilitación dunha edificación tradicional situada en solo rústico no planeamento vixente. Segundo a normativa urbanística vixente e o artigo 40 da LOUGA, será necesaria a autorización autonómica, tramitada ao abeiro do artigo 41 da LOUGA, previa á concesión de licenza municipal, salvo mellor criterio. Segundo se indica no proxecto, a vivenda xa contaba con planta baixa e baixocuberta, derruída totalmente.

6. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxecto	Esixido Xeral/ LOUGA	Plan 2012	Xeral	Cumpre
Superficie mínima de parcela	2291	3000	3000		Rehabilitación
Altura de cornixa	4,47	7,00 m	7,00		Rehabilitación
Ocupación máxima	2%	20%	20%		
Superficie ocupada en planta					
Número máximo de plantas	B+1	B+1	B+1		Si
Recuamento a lindeiros	> 5m	5 m	5 m		Rehabilitación
Separación a vía pública	> 4m	4 m	4 m		Rehabilitación
Acceso rodado	Si	Si	Si		Rehabilitación

7. O anteproxecto presentado non xustifica o tratamento de augas residuais, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

8. O anteproxecto presentado non xustifica o abastecemento de auga, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inadecuado, o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

10. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, previa concesión de licenza municipal, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

10.1 Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir autorización autonómica, se procede.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e propónse para dar traslado, previos os trámites pertinentes, aos organismos citados no punto 10 deste informe

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 28 de xullo de 2015"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

- **INFORMAR FAVORABLEMENTE** a solicitude de licenza municipal de rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Vilariño, nº 11 - Lamela (Silleda), presentada por Ana María Blanco Rey, e dar traslado dunha copia

completa do expediente o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir autorización autonómica, se procede.

6.2.- Instalación dun silo de materias primas na parroquia de Oleiros. Proporsi Soc. Coop Galega.

Vista a solicitude de licenza, presentada por José Ramón García Carreira, e.r. PROPORSI SOC. COOP. GALEGA, Rexistro de Entrada nº 5867 de data 23 de outubro de 2015, para Instalación dun silo de materias primas no lugar de Oleiros- Silleda.

Visto o informe emitido o 25 de xaneiro de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*“Solicitante: José Ramón García Carreira, e.r. PROPORSI SOC. COOP. GALEGA
Data de rexistro: 23.OUT.2015 Nº: 5867 Data escrito: 23.OUT.2015
Solicitude: Instalación dun silo de materias primas
Tipo de Solicitude: Obra Maior Superficie construída: 15,90 m2
Emprazamento: Oleiros- Silleda
Referencia catastral: 36052A07100096 Superficie Catastro: 12.509 m2
Autor do Proxecto: Brais Vázquez Rey, enxeñeiro técnico agrícola col. 1.831 e Mario Fernández Redondo, enxeñeiro agrónomo col. 519
Proxecto: Anteprojecto Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)
Dirección de Obra: N/d
Oficio de Dirección:
Dirección de Execución: N/d
Oficio Direc. Execución:
Exposición pública BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 5.972,25 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €*

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.
- 7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
- 13 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 14 Planeamento do Concello de Silleda

- 14.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
- 14.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991*
- 14.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
- 14.4 *M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
- 14.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
- 14.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
- 14.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002*
- 14.8 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981*
- 14.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
- 14.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007*
- 14.11 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012*
- 14.12 *M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012*
- 14.13 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012*

15 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. *Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Solicitante, presentada con R.E. 5867 de 23.OUT.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por Brais Vázquez Rey, enxeñeiro técnico agrícola col. 1.831 e Mario Fernández Redondo, enxeñeiro agrónomo col. 519 e xustificante de pago de taxas municipais. O promotor aporta copia de autorización do Servizo Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, asinada o día 9 de outubro de 2015, remitida con rexistro de saída 115372 /RX 1366095 de data 15/10/2015.*

2. *O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.*

3. *O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:*

INFORME TÉCNICO:

4. *O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.*

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 33.2.b) da LOUGA e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

6. Cumprimento dos artigos 42, 44, 104 e 106 da LOLUPMRG:

Artigo 42. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
1. Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:	
a) <i>Garanti-lo acceso rodado público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación eo tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corraxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.</i>	SI
b) <i>Preve-las medidas correctoras necesarias para minimiza-la incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e do medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</i>	SI
c) <i>Cumprir as seguintes condicións de edificación:</i>	
- <i>A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20 % da superficie do predio. Non entanto, as edificacións destinadas a explotacións gandeiras, os establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas poderán ocupar ata o 60% da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios a totalidade da súa superficie. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, cando menos, nun terzo da superficie da parcela.</i>	SI
- <i>O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurarase descompoñer en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberánse adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.</i>	SI
- <i>As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno, en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocos, e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.</i>	SI

- Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, a altura máxima das edificacións non poderá superar as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arrinque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá superar os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos. Nos demais solos rústicos protexidos, as edificacións non poderán superar unha planta de altura nin 3,50 metros medidos de igual forma agás nos casos debidamente xustificadas de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. Poderán igualmente exceptuarse aquelas instalacións propias de usos agrícolas, acuícolas ou gandeiros que necesiten alturas excepcionais, logo do informe, en todo caso, da consellaría competente na materia.(Texto engadido pola Lei 2/2010).	SI
- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.	SI
- Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.	SI
d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:	
A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas.	
Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ó terreo e ó lugar máis apropiado para conseguirla maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.	SI
Os recuamentos das construcións ós lindes da parcela deberán garantir-la condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.	SI
As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.	n/d
Manterase o estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.	SI
e) Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica.	A XUSTIFICAR
f) En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses contado desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, contado desde o outorgamento da licenza.	

<i>g) Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo do expediente tramitado con audiencia do interesado, e será de aplicación o disposto no artigo 203 desta lei.</i>	
<i>2. Ás obras de derrubamento e demolición que se pretendan realizar en solo rústico seralles de aplicación o disposto no artigo 26 desta lei.</i>	<i>Non procede</i>
Artigo 44. Condicións adicionais para outras actividades constructivas non-residenciais.	
<i>1. As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprirán as seguintes:</i>	
<i>a) A superficie da parcela na que se sitúe a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados, agás nos supostos previstos no artigo 33º.2, letras f) e j), desta lei e no tocante á ampliación de cemiterios e instalacións de tratamento e depuración de augas.</i>	<i>SI</i>
<i>b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 33º.2, letras a), b) c), d) e f).</i>	<i>33.2.b</i>
<i>2. Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e obras públicas, sempre que quede xustificada a construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localicen e non se superen os 50 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no artigo 42º desta lei.</i>	<i>Non procede</i>
<i>Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto polos artigos 42 e 44 desta lei, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.</i>	<i>Non procede</i>
<i>Este réxime excepcional só será de aplicación no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.</i>	
<i>3. As obras de simple conservación e as obras menores ás que fai referencia o artigo 195.3 desta lei non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da preceptiva licenza urbanística municipal</i>	<i>Non procede</i>
<i>4. As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 1.000 metros dos asentamentos de poboación ea 250 metros da vivenda máis próxima. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.</i>	<i>SI</i>
<i>O planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio poderán reducir ou aumentar estas distancias dentro do seu ámbito territorial de aplicación, respectando en todo caso o establecido pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.</i>	
Título III- Normas de aplicación directa	
Capítulo I- Disposicións xerais	
Artigo 104. Adaptación ó ambiente.	CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houberse algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.	Non procede
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las belezaas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto	Non procede
c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.	SI
d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.	Non procede
Artigo 106. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes, en zonas non consolidadas pola edificación, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación estableza unha distancia superior. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.	N/d
2. Non se poderán realizar obras de construción de novas vías de circulación de vehículos automóbiles que non estean previstas nos plans xerais ou noutros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.	Non procede

7. Con respecto á avaliación de incidencia ambiental das obras, a xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta sa súa tramitación, posto que se engloba dentro do disposto no artigo 38 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ao non tratarse de "modificación substancial" definida no artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:

Artigo 38. Modificacións substanciais de actividades sometidas a declaración de incidencia ambiental

1. Estarán tamén sometidas a previa declaración de incidencia ambiental as modificacións substanciais das actividades comprendidas no anexo.

2. Consideraranse substanciais as modificacións das instalacións ou procesos vinculados á actividade de cuxa realización derive a superación dos seguintes limiares:

- a) O incremento superior ao 50 % da capacidade produtiva da instalación.
- b) O incremento superior ao 50 % das materias primas empregadas no proceso produtivo.
- c) O incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50 %.
- d) O incremento superior ao 25 % das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.
- e) O incremento superior ao 50 % da vertedura de augas residuais.
- f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estaren inicialmente previstos.
- g) O incremento nun 25 % dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.
- h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por riba do 25 % de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.
- i) A aplicación dos limiares sinalados no parágrafo 1 terá carácter acumulativo durante todo o tempo de desenvolvemento da actividade.

3. Nas modificacións das actividades comprendidas no anexo que non teñan a consideración de substanciais observarase o previsto no artigo 27 desta lei.

7.1 Considérase que non se trata dunha modificación substancial posto que non se superan os limiares indicados.

8. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxecta do	Esixido Xeral/ LOUGA	Plan Plan 2012	Xeral	Cumpre
Superficie mínima de parcela	12.509	3.000	3.000		SI
Altura de cornixa	12,50 m	7,00 m	7,00 m		SI
Ocupación máxima	< 20 %	20 %	20 %		SI
Superficie ocupada en planta					SI
Número máximo de plantas		B+1	B+1		SI
Recuamento a lindeiros	> 10 m	5 m	5 m		SI
Separación a vía pública	> 10 m	4 m	4 m		SI
Acceso rodado	Si	Si	Si		SI

9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

10. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

10.1 Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

10.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

10.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

10.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

10.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

10.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

10.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre- torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

10.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

11. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

11.1 Servizo provincial de Estradas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

11.1.1 O promotor aporta copia de autorización do Servizo Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, asinada o día 9 de outubro de 2015, remitida con rexistro de saída 115372 /RX 1366095 de data 15/10/2015.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE A SOLICITUDE DE OBRA MAIOR E A COMUNICACIÓN PREVIA DO INICIO DA ACTIVIDADE** presentada.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 25 de xaneiro de 2016"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

- **CONCEDER licenza de obras** a PROPORSI SOC. COOP. GALEGA, para a Instalación dun silo de materias primas, na parcela con referencia catastral 36052A07100096, do lugar de Oleiros - Silleda; e previo pago do ICIO e taxas municipais, advertindo ó solicitante que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.

6.3.- Ampliación de establo no lugar de San Xosé - parroquia de Moalde. SAT 754 Xuga Enxido.

Vista a solicitude de licenza, presentada por SAT 754 XUGA ENXIDO, Rexistro de Entrada nº 3784 de data 4 de xullo de 2013, para a ampliación dun establo no lugar de San Xosé, parroquia de Moalde.

Visto o informe emitido o 29 de xaneiro de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: SAT nº 754 XUGA ENXIDO

Data de rexistro: 04.XUL.2013

Nº: 3784

Data escrito: 04.XUL.2013

Solicitude: Ampliación de establo

Tipo de Solicitude: Obra Maior

Emprazamento: San Xosé, Moalde

Referencia catastral: 36052E501100350000HI

Autor do Proxecto: Eloy Pérez Sindín. Enxeñeiro Técnico Agrícola col. 529 COETA Lugo

Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial

Dirección de Obra: n/d

Dirección de Execución: n/d

Exposición pública: BOP

DOGA

Prensa

Orzamento (P.E.M.): 28.720,31 €

P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 50.143,58 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).

3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.

4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.

6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.

7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

13 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

14 Planeamento do Concello de Silleda

14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

14.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012

15 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósanseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por SAT nº 754 XUGA ENXIDO, presentada con R.E. 3784 de 04.XUL.2013. Aporta de proxecto técnico asinado por Eloy Pérez Sindín. Enxeñeiro Técnico Agrícola col. 529 COETA Lugo. Notifícase ao promotor a necesidade de aportar o informe favorable de Augas de Galicia para autorización de obras próximas a un cauce (r.s. 2317 de 17.DEC.2014), autorización que se recibe neste Concello o 23.XUL.2015 con r.e. 3402. Por outra banda, o expediente foi remitido á Consellería de Cultura (r.s. 2326 de 18.DEC.2014) que emite autorización o 10 de xullo de 2015 (r.s. 83158/ RX 963789 de 07/07/2015 e r.e. no Concello de Silleda nº 3402 de 23.XUL.2015).

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación establécese o seguinte réxime de suspensión de licenzas1:

"(...)

Visto o escrito e plano remitido polo equipo redactor propónse ao pleno rectificar o acordo plenario adoptado quedando redactado do seguinte xeito:

As áreas afectadas pola suspensión (para obras maiores), que se atopan delimitadas no plano adxunto, serán os solos urbanos de Silleda e Bandeira, o solo urbanizable delimitado industrial e os núcleos rurais. Para os solos clasificados como rústico de protección ordinaria e o polígono industrial da área 33 non se suspenden as licenzas. Para o restante solo do concello clasificado polo Plan Xeral, suspenderanse as licenzas naqueles casos en que as determinacións do PXOM supoñan modificación da ordenación urbanística vixente."

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo rústico de protección de augas.

5. Nas inmediacións desta pretendida actuación encóntranse diversos elementos catalogados no Plan Xeral aprobado inicialmente, tales son os seguintes (xúntase copia destas fichas no ANEXO deste informe:

- 5.1 Capela de San Xosé (ficha 19.02). Nivel de protección: Integral.
- 5.2 Antiga escola de San Xosé (ficha 19.08). Nivel de protección: Estructural.
- 5.3 Escola de San Xosé (ficha 19.09). Nivel de protección: Estructural.
- 5.4 Carballeira de San Xosé (ficha 19.19). Nivel de protección: Integral.

6. Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira "Explotación e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes" da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacións:

(...)

2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. (...)

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

6.1 No expediente que se me amosa, figuran, entre outros, o recoñecemento da explotación ao abeiro da Disposición Transitoria Décimo Primeira da Lei 9/2002 e da circular informativa 1/2003 en Xunta de Goberno Local do 18 de novembro de 2004, polo que se recoñece a existencia a día 1 de xaneiro de 2003 das construcións que se transcriben literalmente a continuación:

6.1.a) Edificación destinada a establo, cunha superficie construída total de 1355,19 m² en planta baixa.

6.1.b) Edificación destinada a pozo de auga, cunha superficie construída total de 7,5 m² en planta baixa.

6.1.c) Edificación destinada a fosa, cunha superficie construída total de 16,38 m² en planta baixa.

6.1.d) Edificación destinada a cortellos, cunha superficie construída total de 55,42 m² en planta baixa.

6.1.e) Edificación destinada a cubertos, cunha superficie construída total de 144,91 m² en planta baixa.

6.1.f) Edificación destinada a cortes, cunha superficie construída total de 22,72 m² en planta baixa.

6.2 Posteriormente, con R.E. 1283 de 26.MAR.2007, a mesma promotora solicitga licenza municipal de obra e provisional de actividade para foxa de xurro e dous silos de forraxe, concedida a licenza de obra e provisional da actividade en xunta de goberno local do día 12.MAR.2007 e a licenza definitiva en X.G.L. do 20.ABR.2007.

7. Trátase da ampliación dunha explotación existente que se leva a cabo na parcela de referencia catastral , polo que se entende que sería de aplicación o establecido na D.T. 11ª da LOUGA para ampliacións.

8. Con respecto á avaliación ambiental das obras, cómpre sinalar que esta solicitude de licenza municipal de obra e actividade, tivo lugar o día 16 de outubro de 2013, estando en vigor o Decreto 133/ 2008 polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, agora derogado pola Lei 9/ 2013, do Emprendemento de Galicia que, na súa disposición transitoria primeira sinala:

1. Todas as solicitudes de licenzas e de autorizacións presentadas antes da entrada en vigor desta lei se rexen pola normativa de aplicación no momento en que se solicitaron, sen prexuízo do cumprimento en todo momento das

condicións técnicas que poidan afectar a seguridade das persoas e dos bens ou a convivencia entre a cidadanía.

2. Os interesados e as interesadas poderán optar entre a continuación do procedemento ou a desistencia deste, acolléndose ao previsto na presente lei.

8.1 Por tanto, a xuízo do técnico que subscribe, e posto que non consta, salvo erro ou omisión involuntarios, na documentación que se me amosa, solicitude de acollemento á tramitación pola Lei 9/2013, será de aplicación o Decreto 133/2008. a este respecto, considérase que esta actividade está exenta sa súa tramitación, posto que se engloba dentro do disposto na D.A. segunda do Decreto 133/ 2008, ao non tratarse de "modificación substancial" definida no artigo 3 do mesmo decreto, como os casos que se recollen a continuación:

a) Un incremento superior ao 50% da capacidade produtiva da instalación.

b) Un incremento superior ao 50% das materias primas empregadas no proceso produtivo.

c) Un incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50%.

d) Un incremento superior ao 25% das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.

e) Un incremento superior ao 50% da vertedura de augas residuais.

f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estar inicialmente previstos.

g) O incremento nun 25% dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.

h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por enriba do 25% de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se establecen medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

9. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxecto do	Esixido Xeral/ LOUGA	Plan Plan 2012	Xeral	Cumpre
Superficie mínima de parcela					D.T. 11ª
Altura de cornixa	4,65	7,00 m	7,00 m		SI
Ocupación máxima	17,39 %	20 %	20 %		SI
Superficie ocupada en planta	475	600	600		SI
Número máximo de plantas	B	B+1	B		SI
Recuamento a lindeiros	>5	5 m	5 m		SI
Separación a vía pública	>4 m	4 m	4 m		SI
Acceso rodado	Si	Si	Si		SI

10. Non é de aplicación o establecido no documento básico seguridade en caso de incendios, db-si, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

12. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inadecuado, o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

13. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, propónse dar traslado, previos os trámites pertinentes, dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licenza municipal:

13.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas inmediacións de diversas edificacións catalogadas polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente o 18 de decembro de 2012, citados no punto 5 deste informe técnico. Por outra banda, o expediente foi remitido á Consellería de Cultura (r.s. 2326 de 18.DEC.2014) que emite autorización o 10 de xullo de 2015 (r.s. 83158/ RX 963789 de 07/07/2015 e r.e. no Concello de Silleda nº 3402 de 23.XUL.2015)

13.2 Autorización do Organismo Autónomo Augas de Galicia, posto que as obras preténdense acometer nun ámbito afectado pola protección de augas. Notifícase ao promotor a necesidade de aportar o informe favorable de Augas de Galicia para autorización de obras próximas a un cauce (r.s. 2317 de 17.DEC.2014), autorización que se recibe neste Concello o 23.XUL.2015 con r.e. 3402.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do técnico que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 29 de xaneiro de 2016"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

- **CONCEDER licenza de obras** a SAT 754 XUGA ENXIDO, para ampliación dun establo no lugar de San Xosé, parroquia de Moalde (Parcela con Ref. Catastral 36052E501100350000HI), salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, e previo pago do ICIO e taxas municipais, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico anteriormente transcrito, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

6.4.- Construción de alpendre de ferramenta, no lugar de A Devesa, parroquia de Manduas. Manuela Iglesias Fernández.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Manuela Iglesias Fernández, rexistro de entrada 6744 de data 15 de decembro de 2015, para a construción de alpendre de ferramenta no lugar de A Devesa, Manduas

Visto o informe emitido o 1 de febreiro de 2016 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: Manuela Iglesias Fernández

Data de rexistro: 15.DEC.2015 Nº: 6744 Data escrito:

Solicitud: Construción de alpendre de ferramenta

Tipo de Solicitud: Obra Maior Superficie construída: 70 m2

Emprazamento: A Devesa, Manduas

Referencia catastral: 36052A02400382 Superficie Catastro: 10.327 m2

Autor do Proxecto: Ana Ripoll Yanci, enxeñeiro agrónomo colexiada nº 619

Proxecto: Anteprojecto

Dirección de Obra:

Dirección de Execución:

Exposición pública: BOP DOGA Prensa

*Orzamento (P.E.M.): 3.650,00 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010:
11.793,60 €*

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).

3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.

4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.

6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.

7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

13 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

14 Planeamento do Concello de Silleda

14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

14.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012

15 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Manuela Iglesias Fernández, presentada con R.E. 6744 de 15.DEC.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por Ana Ripoll Yanci, enxeñeiro agrónomo colexiada nº 619 e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 33.2.b) da LOUGA e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

6. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbanos, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA.

7. Cumprimento dos artigos 42, 44, 104 e 106 da LOLUPMRG:

Artigo 42. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
----------------------------------------------------------------	--------

1. Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

<p>a) <i>Garanti-lo acceso rodado público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación eo tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, otratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corraxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou da promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.</i></p>	<p>SI</p>
<p>b) <i>Preve-las medidas correctoras necesarias para minimiza-la incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e do medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</i></p>	<p>SI</p>
<p>c) <i>Cumprir as seguintes condicións de edificación:</i></p>	
<p>- <i>A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá do 20 % da superficie do predio. Non entanto, as edificacións destinadas a explotacións gandeiras, os establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas poderán ocupar ata o 60% da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios a totalidade da súa superficie. Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, cando menos, nun terzo da superficie da parcela.</i></p>	<p>SI</p>
<p>- <i>O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións existentes no solo rústico do contorno. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade autorizable, procurarase descompoñer en dous ou máis volumes conectados entre si co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías propias do medio rural. En todo caso, deberanse adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.</i></p>	<p>SI</p>
<p>- <i>As características tipolóxicas da edificación deberán ser congruentes coas tipoloxías do contorno, en particular, as condicións de volumetría, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocos,e das solucións de cuberta, que, en todo caso, estarán formadas por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.</i></p>	<p>SI</p>
<p>- <i>Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, a altura máxima das edificacións non poderá superar as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arrinque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá superar os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixeran imprescindible superalos nalgún dos seus puntos. Nos demais solos rústicos protexidos, as edificacións non poderán superar unha planta de altura nin 3,50 metros medidos de igual forma agás nos casos debidamente xustificadas de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas. Poderán igualmente exceptuarse aquelas instalacións propias de usos agrícolas, acuícolas ou gandeiros que necesiten alturas excepcionais, logo do informe, en todo caso, da consellaría competente na materia. (Texto engadido pola Lei 2/2010).</i></p>	<p>SI</p>

- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais acordes cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.	SI
- Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.	SI
d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:	
A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será a establecida en cada caso por esta lei, sen que para tal efecto sexa admisible a adscrición doutras parcelas.	
Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ó terreo e ó lugar máis apropiado para conseguila maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.	SI
Os recuamentos das construcións ós lindes da parcela deberán garanti-la condición de illamento e, en ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros.	SI
As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.	n/d
Manterase o estado natural dos terreos, ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.	SI
e) Farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie real do predio á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade impostas pola autorización autonómica	A Xustificar
f) En todo caso, o prazo para o inicio das obras será de seis meses contado desde o outorgamento da licenza municipal correspondente, debendo concluírse as obras no prazo máximo de tres anos, contando desde o outorgamento da licenza	
g) Transcorridos os devanditos prazos, entenderase caducada a licenza municipal e a autorización autonómica, logo do expediente tramitado con audiencia do interesado, e será de aplicación o disposto no artigo 203 desta lei.	
2. Ás obras de derrubamento e demolición que se pretendan realizar en solo rústico seralles de aplicación o disposto no artigo 26 desta lei.	Non procede
Artigo 44. Condicións adicionais para outras actividades constructivas non-residenciais.	
1. As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprirán as seguintes:	
a) A superficie da parcela na que se sitúa a edificación non será inferior a 3.000 metros cadrados, agás nos supostos previstos no artigo 33º.2, letras f) e j), desta lei e no tocante á ampliación de cemiterios e instalacións de tratamento e depuración de augas.	SI

<i>b) Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 33º.2, letras a), b) c), d) e f).</i>	33.2.b
<i>2. Excepcionalmente, poderá outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, para a execución de pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e obras públicas, sempre que quede xustificada a construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual do predio no que se localicen e non se superen os 50 metros cadrados de superficie total edificada nin a altura máxima dunha planta nin 3,50 metros. En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no artigo 42º desta lei.</i>	Non procede
<i>Igualmente, poderá permitirse, sen suxeición ao disposto polos artigos 42 e 44 desta lei, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.</i>	Non procede
<i>Este réxime excepcional só será de aplicación no ámbito do solo rústico de protección ordinaria e de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas.</i>	
<i>3. As obras de simple conservación e as obras menores ás que fai referencia o artigo 195.3 desta lei non precisarán autorización autonómica con anterioridade á obtención da preceptiva licenza urbanística municipal.</i>	Non procede
<i>4. As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 1.000 metros dos asentamentos de poboación ea 250 metros da vivenda máis próxima. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.</i>	SI
<i>O planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio poderán reducir ou aumentar estas distancias dentro do seu ámbito territorial de aplicación, respectando en todo caso o establecido pola lexislación sectorial que sexa de aplicación.</i>	
Título III- Normas de aplicación directa	
Capítulo I- Disposicións xerais	
Artigo 104. Adaptación ó ambiente.	CUMPRE
<i>As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:</i>	
<i>a) As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico, típico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente cando, sen existir un conxunto de edificios, houberse algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.</i>	Non procede
<i>b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto</i>	Non procede

c) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.	SI
d) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
e) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	SI
f) Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.	Non procede
Artigo 106. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes, en zonas non consolidadas pola edificación, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación estableza unha distancia superior.	N/d
<i>En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.</i>	
2. Non se poderán realizar obras de construción de novas vías de circulación de vehículos automóbiles que non estean previstas nos plans xerais ou noutros instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.	Non procede

8. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

9. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxecta do	Esixido Xeral/ LOUGA	Plan 2012	Xeral	Cumpre
Superficie mínima de parcela	10.237	3.000	3.000		SI
Altura de cornixa	< 7,00 m	7,00 m	7,00 m		SI
Ocupación máxima	< 20 %	20 %	20 %		SI
Superficie ocupada en planta					SI
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1		SI
Recuamento a lindeiros	> 5 m	5 m	5 m		SI
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	4 m		SI
Acceso rodado	Si	Si	Si		SI

10. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inadecuado, o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de

tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

11. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

11.1 Memoria descriptiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Inclúese informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

11.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

11.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

11.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

11.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

11.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

11.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre- torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

11.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

12. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e propónse para a concesión de licenzas municipais de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico.”

INFORME XURÍDICO

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto, manifesto a miña conformidade có expresado no mesmo, salvo mellor criterio.- Asinado: Manuel Quintáns Queiruga

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

- **CONCEDER** con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico anteriormente transcrito **licenza de obras** a MANUELA IGLESIAS FERNÁNDEZ, para construción de alpendre de ferramenta no lugar de A Devesa, parroquia de Manduas (Silleda) (Parcela con Ref. Catastral 36052A02400382), salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, e previo pago do ICIO e taxas municipais.

6.5.- Licencia Municipal para reformas de vivendas na rúa Carballeira do Chousiño, esquina N-525, nº 12, nº 26 e nº 28 (Silleda). ANIDA Operaciones Singulares S.A.

Vistas as solicitudes presentadas por:

- Don Rosendo Luís Estévez Parada (registro de entrada de data 7-marzo-2013 co número 1265).
- Don Rosendo Luís Estévez Parada (registro de entrada de data 11-dicembro-2013 co número 6369).
- Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 28-abril-2014 co número 1700).
- Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 09-maio-2014 co número 1885). Na que adxunta fotografías de estado anterior e estado actual do garaxe do edificio mencionado.
- Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 26-maio-2015 co número 2357). Na que adxunta Proxecto e 11 planos.
- Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 15-outubro-2015 co número 5669). Na que adxunta anexo ao Proxecto citado.
- Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 12-novembro-2015 co número 6161). Na que adxunta planos modificados nos que se recollen os planos actuais das vivendas sobre as que se solicita actuar, 10 propiedade de Anida e as vivendas Portal 1-4º A e Portal 3-3ºF, de propiedade particular.
- Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 01-dicembro-2015 co número 6515). Na que adxunta Oficio de Dirección de obras do Proxecto citado.

Visto o informe técnico urbanístico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 28 de xaneiro de 2016, que literalmente dí:

“INFORME TÉCNICO URBANÍSTICO

Edificación: EDIFICIO DE 56 VIVIENDAS, LOCALES Y GARAJES.

Emprazamento: Rúa Carballeira do Chousiño, esquina N-525 Nº12, Nº26 e Nº28 Núcleo Urbano de Silleda.

Promotor: PROMOCIÓN INMOBILIARIA H&M, S.L.

*Solicitantes: -Don Rosendo Luís Estévez Parada (registro de entrada de data 7-marzo-2013 co número 1265).
-Don Rosendo Luís Estévez Parada (registro de entrada de data 11-dicembro-2013 co número 6369).
-Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 28-abril-2014 co número 1700).
-Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 09-maio-2014 co número 1885). Na que adxunta fotografías de estado anterior e estado actual do garaxe do edificio mencionado.
-Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 26-maio-2015 co número 2357). Na que adxunta Proxecto e 11 planos.
-Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 15-outubro-2015 co número 5669). Na que adxunta anexo ao Proxecto citado.*

-Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 12-novembro-2015 co número 6161). Na que adxunta planos modificados nos que se recollen os planos actuais das vivendas sobre as que se solicita actuar, 10 propiedades de Anida e as vivendas Portal 1-4º A e Portal 3-3ºF, de propiedade particular.

-Don Gonzalo L. García Fernández en nome e representación de ANIDA (registro de entrada de data 01-décembro-2015 co número 6515). Na que adxunta Oficio de Dirección de obras do Proxecto citado.

Visto o Informe do Técnico que suscribe de data 07 de Maio de 2014, e os escritos de solicitude referenciados e Documentación Técnica-Proxecto de Reforma suscrito polo Arquitecto D. Raimundo Suarez Arauzo e con un presuposto xeral de 52.014,02.-€ (incluído iva) e que en cuxa memoria consta literalmente:

"La Planta Bajo Cubierta se encuentra ocupada por trasteros de distintas superficies con acceso desde las escaleras comunes de cada portal. El objeto de este proyecto es realizar en las 10 viviendas de última planta una conexión directa con la planta de bajo cubierta que se encuentra sobre ella, cuyo uso es el de trastero. Esta conexión se realizará mediante una escalera que conecta cada vivienda con el trastero inmediatamente superior...."

Por todo esto e dende o punto de vista do Técnico que suscribe, estímase procede INFORMAR FAVORABLEMENTE a solicitude referenciada."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

- **CONCEDER a licenza de obra solicitada a ANIDA OPERACIONES SINGULARES, S.A. BBVA Unidad Inmobiliaria, para reforma de vivendas (bloques 1, 2 e 3) na rúa Carballeira do Chousiño, esquina N-525, (Silleda),** salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, e previo pago do ICIO e taxas municipais.

7º.- PETICION DE RECOÑECIMIENTO DE ANTIGUIDADE E TRIENIOS.

VISTO o escrito de Mª del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello de Silleda, sobre recoñecemento de servizos prestados para a Xunta de Galicia entre o 02-11-1990 e 31-07-1994 (3 anos e 9 meses).

TENDO EN CONTA que de acordo co Estatuto Básico do Empregado Público os servizos prestados nas Administracións Públicas Territoriais - Central, Autonómica e Local- son recoñecibles a efectos de antigüidade, segundo informe do Secretario, así como a documentación xustificativa consistente no Informe de Vida Laboral da TXSS,

SE ACORDA:

- Recoñecer a Traballadora Social M^a del Carmen Carballo Silva, os servizos prestados para a Xunta de Galicia entre o 02-11-1990 e 31-07-1994 (3 anos e 9 meses), a efectos de antigüidade, que se sumarán a actual, computado a partir da data de hoxe, dando conta ao servizo de persoal do Concello.

8º.- ACORDOS DE EMERXENCIA SOCIAL.

A proposta da Sra. Conselleira, e cos informes preceptivos da traballadora social, Rosa Ana Romero García, se aproban os expedientes de emerxencia social que seguen:

4.1.- M.L.A.A., DNI nº ***, por importe de 103,41 € como axuda para abonar o recibo de electricidade do mes de decembro de 2015.

4.2.- G.I.B.P., Pasaporte nº ***, por importe 10,70 € para o custe dos billetes de ida e volta a Santiago de Compostela, e dous urbanos dende a Estación de Autobuses ó Hospital Clínico.

9º.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, vía de urxencia de Ricardo Antonio Barreiro Folla.

Dase conta do informe social elaborado por M^a del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 26 de xaneiro de 2016, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, de:

Nome a Apelido	Enderezo
Ricardo Antonio Barreiro Folla	A Ponte, 5 - Taboada (Silleda)

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, vía de urxencia, a **Ricardo Antonio Barreiro Folla** segundo informe da Traballadora Social, de data 26 de xaneiro de 2016.

10º.- SUBVENCIONS.

Dase conta do escrito presentado por Jesús Pérez Carames, en calidade de Presidente da **Sociedade Deportiva de Caza, Pesca e Tiro de Silleda**, Rexistro de Entrada nº 6404, de data 24 de novembro de 2015, sobre a realización dun taller e concurso de montaxe de señuelos artificiais para a pesca, polo que solicitan unha subvención de 600,00 € para sufragar os premios e gastos de estancia dos xuices.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **acorda** conceder a **Sociedade Deportiva de Caza, Pesca e Tiro de Silleda** unha subvención de 600,00 € para a realización do taller e concurso de montaxe de señuelos artificiais para a pesca.

11º.- BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN PARA A CONCESIÓN DE UNHA BOLSA DE COLABORACIÓN COA FEUGA PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN TURÍSTICA NO PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO MOSTEIRO DE CARBOEIRO.

Visto que o Concello de Silleda ten concedida a posibilidade de asinar convenios de colaboración coa Fundación Empresa Universidade Galega, FEUGA, para desenvolver Programas de Formación Prácticas mediante a creación de Bolsas como instrumentos para favorecer a incorporación dos recién titulados ao mercado laboral.

Visto que nas Bases do Programa de Becas de Formación PBF de FEUGA, cabe a posibilidade de establecer convenios para a formación de Licenciados e Diplomados en Turismo e de Titulados de Ciclo Formativo de Grao Superior en Turismo.

Visto que nas mesmas Bases, no apartado 3 punto 3.3 no párrafo primeiro, literalmente se dí " Las becas de formación tendrán una duración mínima de dos meses y máxima de doce meses".

Vista a necesidade de manter un Guía Turístico/a para atender o Mosteiro de Carboeiro, nun periodo de 6 meses.

Esta Alcaldía, PROPÓN á Xunta de Goberno Local que se adopte o seguinte acordo:

1.-Aprobar as Bases que rexerán a selección para a concesión dunha bolsa de colaboración coa Feuga, para a realización de tarefas de información e atención turística no punto de información turística do Mosteiro de Carboeiro.

2- Trasladar á Fundación Empresa Universidade Galega, FEUGA, unha solicitude de Guía Turístico a segundo as especialidades descritas para ver si existen persoas con perfil adecuado.

3.- En caso positivo, solicitar a sinatura dun convenio, para poder realizar o servizo que se propón de atención ao Mosteiro de Carboeiro e o Turismo do Concello.

4.- Aprobar unha cantidade de 4.336,20 € para cubrir os custos da Bolsa, a razón de 722,70 € mes, para un periodo de 6 meses.

5- Darlle conta á Intervención do acordo.

Vistas as bases que rexerán a selección para a concesión de unha bolsa de colaboración coa Feuga para a realización de tarefas de información e atención turística no punto de información turística do Mosteiro de Carboeiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, aproba este acordo:

1.-Aprobar as Bases que rexerán a selección para a concesión dunha bolsa de colaboración coa Feuga, para a realización de tarefas de información e atención turística no punto de información turística do Mosteiro de Carboeiro.

2- Trasladar á Fundación Empresa Universidade Galega, FEUGA, unha solicitude de Guía Turístico a segundo as especialidades descritas para ver si existen persoas con perfil adecuado.

3.- En caso positivo, solicitar a sinatura dun convenio, para poder realizar o servizo que se propón de atención ao Mosteiro de Carboeiro e o Turismo do Concello.

4.- Aprobar unha cantidade de 4.336,20 € para cubrir os custos da Bolsa, a razón de 722,70 € mes, para un periodo de 6 meses.

5- Darlle conta á Intervención do acordo.

“BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN PARA A CONCESIÓN DE UNHA BOLSA DE COLABORACIÓN COA FEUGA PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN TURÍSTICA NO PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO MOSTEIRO DE CARBOEIRO.

A/ OBXECTO E CARACTERÍSTICAS

1ª.- *O obxecto da convocatoria é a concesión de **BOLSA DE COLABORACIÓN COA FEUGA PARA A REALIZACIÓN DE UN PROGRAMA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN TAREFAS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN TURÍSTICA NO PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO MOSTEIRO DE CARBOEIRO**, para realizar os labores propios dunha Oficina de atención e promoción turística no Concello de Silleda.*

2ª.- *O/a adxudicatario/a da mesma será destinado/a á Concellaría de Turismo do Concello de Silleda e as súas actividades desenvolveranse en horario a determinar por este Concello, segundo as necesidades do devandito servizo, e consistirá en propocionar ós turistas e viaxeiros que o soliciten, información turística no referente ao aloxamento, transporte, gastronomía, e demais materias propias dunha Oficina de Información Turística e atención do punto de información turística no Mosteiro de Carboeiro, amais de realizar os labores de guía no antedito Mosteiro.*

3ª.- *A condición de bolseiro/a en virtude da convocatoria non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral, funcional ou contractual co Concello de Silleda, nin implicará en consecuencia ningún compromiso para un posterior vencellamento ou incorporación de dito bolseiro/a no Concello de Silleda, mais quedarán incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social, de acordo co previsto no RD 1493/2011 DE 24 DE OUTUBRO, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.*

4ª.- *Os/as titulares das bolsas serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Silleda*

5ª.- *O/a bolseiro/a terá a obriga de aceptar por escrito as normas e obrigas establecidas nestas bases.*

6ª.- *O bolseiro/a xustificará documentalmente o cumprimento de tódolos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.*

7ª.- *As bolsas de formación terán unha duración de 6 meses con posibilidade de prórroga de ata 12 meses.*

B/ REQUISITOS XERAIS DOS CANDIDATOS:

Os aspirantes terán que estar en posesión dos seguintes requisitos:

1.- Deberá ser membro dun país da Unión Europea e residente en no estado español.

2.- Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

3.- Ser maior de 16 anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

4.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera das administracións públicas, órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de función pública de conformidade co disposto no arto 56.1 da lei 7/2007.

5.- Estar en posesión do **Título de Diplomado en Turismo, Graduado en Turismo ou do Técnico Superior en Información e Comercialización Turística; en Guía e Información e Asistencia Turísticas ou en Xestión de Aloxamentos Turísticos.**

C/ REQUISITOS DOS CANDIDATOS DO PROGRAMA DE BOLSAS DE FORMACIÓN DA FEUGA PARA UNIVERSITARIOS

1ª.- Ser diplomado, licenciado, doutorado universitario ou estar matriculado nun Máster oficial ou obstar titulación equivalente. No caso das titulacións nas que para a obtención do título sexa necesaria a presentación do proxecto fin de carreira, será suficiente ter aprobadas todas as materias desta.

2ª.- Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galiza e facer constar nos seus datos que desexa optar a unha bolsa de formación de FEUGA.

3ª.- Ter cursado estudos nunha das tres universidades da nosa Comunidade Autónoma.

Se o título pertencese a outras Universidades, poderase acceder ao PBF se está doutorado ou matriculado nun Máster Oficial dunha das tres Universidades da Comunidade Autónoma. Así mesmo poderán acceder ao PBF:

a.- Os fillos de emigrantes galegos retornados, independentemente de onde obtivesen a súa titulación, se esta foi validada.

b.- Os titulados doutras Universidades españolas, se a titulación solicitada non se impartise nas tres Universidades de Galiza.

4ª.- Ser menor de 31 anos.

5ª.- Ter finalizado os estudos nos tres últimos anos. (2013, último ano).

6ª.- Non ter gozado doutra bolsa de FEUGA por un período de máis de 10 meses.

7ª.- No caso de ter gozado doutra bolsa de FEUGA por un período de 10 meses ou menos, deberá ter cumprimentar o cuestionario de avaliación correspondente á bolsa gozada. O período máximo computado do total bolsas non poderá exceder de 24 meses.

8ª.- Non ter desempeñado en ningún momento traballo profesional remunerado relacionado coa súa titulación, baixo ningunha modalidade de contratación a cuxo efecto haberán de achegar o correspondente Certificado de Vida Laboral.

9ª.- Non ter relación de parentesco dentro do primeiro grao de consanguinidade (pais - fillos) con ningún membro da propiedade e/ou dirección da empresa ou entidade na que se desenvolverá o programa de formación.

10ª.- Cumprir os requisitos adicionais que a empresa ou entidade colaboradora onde se desenvolverá o programa de formación puidese establecer, tales como idiomas, coñecementos de informática, etc. e que fosen necesarios para o axeitado aproveitamento do programa de formación.

11ª.- Non ter renunciado a algún programa de formación outorgado por FEUGA durante o período de formación

D/ ASIGNACIONES ECONÓMICAS DAS BOLSAS

Segundo o establecido polo programa de bolsas da FEUGA, estes son os beneficios:

a.- Acceder ao Réxime Xeral da Seguridade Social e a súa acción protectora, segundo o establecido no R.D. 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

b.-Un seguro de accidentes, que será subscrito pola FEUGA ao seu favor.

c.- A percibir unha dotación polo período formativo integrada por:

d- Unha asignación económica mínima de 605,00 euros brutos por cada mes (xomada completa) na que se desenvolva de forma efectiva a formación práctica en que consiste a bolsa, ou a cantidade económica proporcional que corresponda, en función da data de incorporación e remate da mesma.

O/a bolseiro/a presentará ao Concello de Silleda, antes da finalización da bolsa, unha memoria explicativa das actividades realizadas na Oficina de Información Turística do Concello de Silleda, na que se recolla unha referencia aos traballos realizados, unha valoración dos recursos turísticos ofertados, demandas dos turistas, deficiencias dos servizos e propostas de accións de mellora da oferta turística, quedando supeditado o aboamento da última mensualidade á presentación da mesma. Así mesmo os/as bolseiros/as estarán obrigados/as a facilitar tanta información lles sexa requirida pola Administración en relación á actividade realizada.

E/ PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A selección realizarase tendo en conta a necesaria cumprimentación dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e concorrencia, promovendo a selección entre os candidatos que cumpran as condicións esixidas na presente convocatoria.

A FEUGA fará a selección nas oficinas de emprego de Galiza en entre aqueles aspirantes que cumpran os requisitos de demandantes de Bolsa e de emprego con estas características.

5ª.- Toda a documentación entregada pola FEUGA será avaliada.

6ª.- Selección dos Bolseiros:

A selección realizarase por un Comité de Selección, formado por tres membros. A selección terá dúas fases:

1ª Fase: Valoración de méritos segundo o seguinte baremo: (ata un máximo de 10 puntos)

Esta fase suporá o corenta por cento da puntuación total do proceso de selección.

A/ Expediente académico: Neste apartado valorarase a nota media obtida para a obtención do título correspondente, ata un máximo de 4 puntos, segundo a calificación sexa de aprobado, notable, sobresaliente ou matrícula de honra.

B/ Por ter asistido a cursos de Formación e Perfeccionamento impartidos en Centros Oficiais, Universidades, Colexios Oficiais ou Escolas de Administración Pública relacionadas coas materias obxecto desta convocatoria (ata un máximo de 2,5 puntos), de conformidade co seguinte baremo:

- Máster ou Postgrado (relacionado co sector turístico) 1 punto.
- Cursos con duración por Horas:
 - 100 ou máis horas 0,25 puntos.
 - De 60 a 99 horas 0,20 puntos.
 - De 30 a 59 horas 0,20 puntos.
 - De 10a 29 horas 0,20 puntos.
 - 9 ou menos horas 0,20 puntos.
- Cursos con duración por Créditos:
 - 10 ou máis créditos 0,25 puntos.
 - De 6 a 9 créditos 0,20 puntos.
 - De 3 a 5 créditos 0,15 puntos.
 - De 1 a 3 créditos 0,10 puntos.

No supo sto de que non se acredite a duración dos cursos serán valorados a razón de 0,05 puntos.

C/ Coñecemento de idiomas estranxeiros: (puntuación máxima de 2,50 puntos) e serán computables un máximo de dous idiomas, a razón de un máximo de 1,25 puntos cada idioma.

No caso de que os cursos de idiomas sexan valorados polo número de horas, aplicarase o baremo dos cursos.

No caso de que os cursos de idiomas sexan dunha Escola de Idiomas o baremo será o seguinte:

* Nivel máximo: 0,75 puntos.

* Nivel medio: 1 punto.

* Nivel avanzado: 1,25 puntos.

D/ Coñecemento acreditado do idioma galego; ata un máximo de 1 punto (no caso de ter varios cursos terase en conta só o de maior puntuación):

* Curso de Iniciación ou Celga 3 0,5 puntos.

* Curso de Perfeccionamento ou Celga 1 punto.

2ª Fase: Realización dunha proba oral que versará sobre coñecementos xerais relacionados coas funcións a desenvolver no posto de información turística no Concello de Silleda e a súa contorna, coñecementos xerais sobre turismo de Galiza e demostración do dominio da lingua galega.

Esta proba puntuarase entre 0 e 6 puntos. Sendo eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de tres puntos. (Esta fase suporá un sesenta por cento da puntuación total do proceso de selección).

O Comité de Selección estará constituído por un Presidente, un Secretario e un vogal, e coas condicións que prescribe o artigo 60.2 da Lei 7 de abril, do Estatuto Básico do Empregado.

A selección realizarase polo Comité de Selección, convocándose os aspirantes que presenten solicitude de participación, nas dependencias da Casa Consistorial.

Rematado o proceso de selección, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello a relación co resultado da selección. Propoñendo aos aspirantes adxudicatarios/as das bolsas a favor das persoas que, unha vez aplicado o baremo de méritos e realizada a proba obteñan a maior puntuación. O Concelleiro de Turismo, a vista da proposta formulada polo Comité de Selección, resolverá a adxudicación das bolsas.

No caso de que se produza a renuncia por parte dalgunha persoa que resulte adxudicataria das bolsas, o Concelleiro de Turismo procederá ao nomeamento do seguinte aspirante que obtivese maior puntuación, polo tempo que reste ata a finalización do período de duración da bolsa, reducíndose proporcionalmente a contía da bolsa, procedéndose do mesmo xeito en renuncias consecutivas.”

12.- CONTRATO DE ARRENDAMENTO. Fotocopiadora e servizo de mantemento.

Se acorda formalizar un contrato de arrendamento da COPIADORA RICOH AFICO coa empresa DIN, CIF B-36399087, por un período de 12 meses, una cuota de alquiler mensual de 50 € e u pago de 0,0059 € por copia e de 0,066 en caso de color.

13º.- DAR CONTA DA REORGANIZACION DAS AREAS MUNICIPAIS DE GOBERNO POLO SR. ALCALDE.

O Sr. Alcalde informa que se procede a unha reorganización no reparto de áreas municipais, pasando ao 1º Teniente de Alcalde a de Urbanismo, que ostentaba a Alcaldía.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as trece horas, extendéndose a presente acta, do que como secretario, dou fe e certifico.

Silleda, a 2 de Febreiro de 2016

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández Asdo. Manuel Quintáns Queiruga